

OBXECTIVOS:

Xerais:

Dar a coñecer ao alumnado os aspectos ético-deontolóxicos que se presentan no traballo con menores e as súas familias e resolver posibles dilemas éticos que se presentan.

Específicos:

- Coñecer a documentación a utilizar segundo a idade do/a menor: o consentimento informado.
- Adquirir habilidades necesarias para establecer unha correcta relación cos pais do/a menor e saber cómo intervenir en diferentes situacións familiares (pais separados, cando existe un proceso xudicial por violencia familiar...)
- Realizar unha correcta avaliación e intervención do/a menor e elaborar informes que cumpran coas normas deontolóxicas.
- Debater e analizar diferentes situacións nas que o papel do/a psicólogo/a implique diferentes actuacións e determinar cal é a máis adecuada en función de cada situación.

METODOLOXÍA:

Exposición de casos prácticos e *role-playing*.

LEXITIMACIÓN:

Desde a Comisión de Ética e Deontoloxía (CED) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vense constatando que unha das áreas que motiva máis queixas e consultas é a referida á atención a menores e as súas familias. Aproximadamente o 95% das consultas e queixas que se realizan ante a Comisión de Ética e Deontoloxía están relacionadas con aspectos de: permisos de intervención e avaliación con un/ unha menor, consentimento e información aos proxenitores, dereitos dos proxenitores de solicitar e que se lles de información e informes, dualidade nas funcións do/a psicólogo/a (o/a psicólogo/a que fai clínica versus o pericial), informes inadecuados, etc.

Somos conscientes que a psicoloxía é unha profesión cada vez máis, socialmente, exposta, o noso traballo con un maior grao de responsabilidade e de que tomamos decisións moi significativas para a vida das persoas que atendemos e aos seus familiares. Neste sentido a abordaxe co/ca menor é máis sensible e con repercusións e consecuencias que fan que dito traballo sexa "observado", instrumentalizado e calificado con coidado por pais e nais en litixios, avogados, xuíces, etc. Todo isto fai que o psicólogo e psicóloga se atope con dilemas que non sabe resolver, ou dos cales nin sequera é consciente, o que leva a actuacións incorrectas desde o punto de vista deontolóxico.

Por todo elo, e tendo en conta que un dos obxectivos da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG é a docencia, considerase de gran utilidade que os psicólogos e psicólogas coñezan todos estes aspectos e que lles sirva de utilidade para poder levar a cabo un mellor traballo.

DOCENTES:

IRENE MARTÍNEZ MONTERO, G-2957.


Psicóloga colexiada G- 2957. Psicóloga Clínica no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

MARTA RIVAS RODRÍGUEZ, G-3609

Psicóloga colexiada G-3609. Psicóloga Forense no Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) de Santiago de Compostela.

CECILIA BARROS DÍAZ

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Avogada con máis de dez anos de experiencia. Aesora Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal



CURSO "ASPECTOS ÉTICO-DEONTOLÓXICOS NO TRABALLO CON MENORES E AS SÚAS FAMILIAS"

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do *Sistema Nacional de Salud*

Docentes:

Irene Martínez Montero, G-2957
Marta Rivas Rodríguez, G-3609
Cecilia Barros Díaz

Organiza:

**Sección de Psicoloxía e Saúde do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**

Coordinadora:

Almudena Campos González, G-4781

- **DURACIÓN:**
8 horas.
 - **DATAS:**
Venres 16 e Sábado 17 de Outubro de 2020.
 - **LUGAR:**
Plataforma de teleformación Moodle do COPG (www.copgalicia.eu).
 - **Nº DE PRAZAS:**
50.
 - **HORARIO:**
Venres de 16:30 a 20:30 horas.
Sábado de 10:00 a 14:00 horas.
 - **PREZOS:**
- | | |
|---|---------|
| Psicólogos/ as Colexiados/as: | 31,00 € |
| Psicólogos/as Colexiados/as socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde: | 15,50 € |
| Psicólogos/as Colexiados/as demandantes de emprego e estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía e Máster en Psicoloxía: | 15,50 € |
| Psicólogos/as non Colexiados/as e outros profesionais: | 62,00 € |
- *Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para Colexiados e Colexiadas Desempregadas. Bases no seguinte enlace: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_ formacion_para_ Colexiados_e_ Colexiadas.pdf

- **INSCRICIÓN:**
Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.
Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.
O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos Colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións:
 Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunícase por e-mail a admisión ou non admisión.
Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.
Deberase estar ao corrente no pago das cotas Colexiais: Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía ou Máster en Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non Colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.
Último día de inscrición: **6 de outubro de 2020.**

PROGRAMA:

Venres, 16 de Outubro

De 16:30 a 17:30 horas:

Ética e deontoloxía na atención psicolóxica aos e ás menores: aspectos teóricos e legais.

De 17:30 a 19:00 horas:

Confidencialidade do e da menor: conflito de lealdades entre o/a psicólogo/a e o/a menor e os seus pais.

- a. Ata os 12 anos.
- b. De 12 a 16 anos: o/a menor maduro/a.
- c. De 16 a 18 anos.
- d. Historia clínica: acceso e oposición.

De 19:00 a 20:30 horas:

Consentimento parental.

- a. Menores con proxenitores divorciados.
- b. Menores cun proxenitor cun caso xudicial aberto por violencia de xénero e/ou familiar.

Sábado, 17 de Outubro.

De 10:00 a 11:00 horas:

Relacións duais na atención aos e ás menores.

De 11:00 a 13:00 horas:

O/A menor maltratado/a: responsabilidades e obrigacións do/a psicólogo/a.

- a. Neglixencia.
- b. Maltrato físico/emocional.
- c. Abusos sexuais.

De 13:00 a 14:00 horas:

Informes periciais e informes

**BOLETÍN DE INSCRICIÓN
CURSO “ASPECTOS ÉTICO-DEONTOLÓXICOS NO TRABAJO CON MENORES E AS SUAS FAMILIAS”**

NOME E APELIDOS D.N.I.

TFNO. Nº DE COLEXIADO/A

ENDEREZO CIDADE E C.P.

PROFESIÓN DATA

Socio/a da Sección de Psicoloxía e Saúde Solicito factura

CENTRO DE TRABAJO

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE IBAN Nº ES64-2080-0316-2330-4000-8164 DE ABANCA

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos Informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular optarse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal